

CONVOCATORIA ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA 2020

A Presidenta de ESPAZOCOOP, previo acordo do Consello Reitor procede a convocar a Asemblea Xeral Extraordinaria da Unión de Cooperativas ESPAZOCOOP, o **venres 10 de Xaneiro de 2020** en **Santiago de Compostela**, na **Cidade da Cultura** (Monte Gaiás: **Biblioteca e Arquivo de Galicia. Sala 1**). Sendo a primeira convocatoria ás **16:00 h.** e a segunda ás **16:30 h.**

Orde do Día:

1. Organigrama do Consello Rector e responsabilidades.

Información sobre a composición, funcións e responsabilidades das persoas que nestes momentos ostentan cargos no Consello Rector.

2. Incorporación de conselleiras/os ao Consello Reitor

Proposta de ampliación do Consello Reitor, ata completar o total de membros establecido nos estatutos ou no seu defecto manterse nos actuais ate a vindeira asemblea xeral.

3. Demandas atendidas, nivel de execución e planeamento 2020

Seguimento e análise das actividades desenvolvidas no ano en curso e avance das programadas para o ano 2020.

4. Identificación de proposta de actividades a desenvolver por Espazocoop, no 2020.

Traballo por grupos (a nivel sectorial e xeral) para identificar propostas para o plan operativo de 2020:

- que actuacións e actividades demandamos para atender as necesidades das cooperativas,
- que tipo de programas e intervencións nos gustaría que desenvolvese Espazocoop,
- identificación de demandas políticas a nivel legislativo (xurídico, fiscal, laboral...), representativo, sectorial,...

5. Elección das persoas que asinarán o acta.

Xunto coa presidenta e secretario da asemblea.

6. Rogos e preguntas.

Hora prevista de remate: 19:00h



espazo coop
unión de cooperativas galegas
www.espazo.coop

Santiago de Compostela, a 12 de Decembro de 2019
A presidenta: Ana Olveira Blanco

INFORMACIÓN DE INTERESE PARA O DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

Os estatutos Sociais de ESPAZOOCOOP, establecen que:

Artigo 19.- Natureza e composición.

A Asemblea Xeral, constituída validamente, é a reunión dos representantes de cada unha das cooperativas asociadas para deliberar sobre a política xeral da Unión (...). É, polo tanto, o órgano supremo de expresión da vontade social.

O acordos da Asemblea Xeral, obrigan a todas as cooperativas asociadas, incluídas as disidentes e as que non participaran na reunión.

Representarán ás cooperativas, na Asemblea Xeral, a persoa que ostenta a Presidencia do Consello Reitor ou a persoa libremente designada ao efecto por cada cooperativa.

Artigo 24.- Dereito de voto

1.- Cada cooperativa asociada terá un voto na asemblea xeral da Unión.

2.- Para exercer o dereito a voto, a cooperativa deberá acreditar que está ao corrente no pago das cotas, o trinta e un de decembro do exercicio anterior.

O LUGAR DE CELEBRACIÓN

A **Cidade da Cultura** atópase no Monte Gaiás en Santiago de Compostela. A Asemblea celebrarase na **sala 1 do edificio da Biblioteca e Arquivo de Galicia**. (a mesma sala na que se realizou a asemblea do ano pasado, diante da escultura dos libros).

